

Máis de 3.500 autónomos do comercio déronse de baixa no primeiro trimestre

> A crise cébase especialmente co sector nas provincias da Coruña e Pontevedra e a ela súmase a competencia das grandes áreas > A Federación Galega fala dunha “traxedia”

LV María S. Sieira

O constante goteo de peches de comercios en Galicia semella non ter fin. E se hai unha área na que este desangramento está especialmente presente é na Coruña, onde nos últimos dez anos, segundo datos da Federación Galega de Comercio, se pasou de 7.500 comercios a 2.500. “Unha traxedia”, afirma o presidente da Federación de Autónomos de Galicia, Francisco Javier Pérez Bello, xa que “o comercio de proximidade, ademais de dar vida, daba emprego e o diñeiro quedaba aquí, reinvestíase na cidade”.

Unido á crise global, o establecemento de grandes centros comerciais ás aforas que dispoñen de aparcamentos e aglutinan moita oferta está matando o pequeno comercio. Só na Coruña hai once áreas deste tipo, tres abertas nos últimos tres anos, con Marineda City como máximo expoñente.


Mentres, os datos do pequeno comercio asustan. Os peches oficiais non se coñecen, pero só no primeiro trimestre deste ano 3.575 autónomos do comercio de toda Galicia déronse de baixa, o que adoita traducirse en baixadas permanentes de reixas, porque cada unha das pequenas tendas que iluminan as cidades pertence a un emprendedor sacrificado.

Desta cifra, a peor parte lévana A Coruña e Pontevedra. Na provincia coruñesa, entre xaneiro e marzo foron 1.851 autónomos os que abandonaron o sector do comercio, e en Pontevedra foron 1.171.

En Lugo e Ourense, con moita menos poboación, os peches son moito menores, pero tamén o é a densidade de comercios. En Lugo foron 260 os que pecharon e en Ourense, 293.

> Opina en www.l-v.es

BAIXAS DE AUTÓNOMOS NO COMERCIO NO 1º TRIMESTRE DE 2012



> así oven



FRANCISCO JAVIER PÉREZ BELLO
FEDERACIÓN DE AUTÓNOMOS DE GALICIA

“Importouse o americano e está matando o comercio”

“A crise está afectando moito o comercio porque o consumo está baixo mínimos. Nas áreas de Vigo e A Coruña moi especialmente pola competencia doutras fórmulas comerciais, que ademais compiten entre si. Están matando o pequeno comercio. Importouse o sistema americano, cando o estilo de vida é moi diferente. Había que apostar polo europeo, cun urbanismo comercial coidado nas cidades. Aquí as típicas rúas comerciais están en vías de desaparecer ou quedar unha soa por cidade”.



JOSÉ MARÍA SEIJAS LÓPEZ
FEDERACIÓN GALEGA DE COMERCIO

“O único que pode facer o comerciante é subsistir”

“O consumo descendeu moito e para o comercio é difícil subsistir. O consumidor non ten cartos. E o comerciante, se non vende, ten que botar man do seu diñeiro, co que chega un momento no que só dá perdas e a única solución é o peche. Esperamos que a finais de ano ou en 2013 empece a mellorar. O único que pode facer o comerciante é subsistir se ten con que. O comercio medrou demasiado, tanto o pequeno como as grandes áreas, pero o consumo non e agora estamos moi mal”.

acontracorrente

“Investín os aforros; a ver se saímos adiante”

Con media Coruña asolada polos peches de pequenos comercios, aínda hai valentes que se atreven a abrir unha tenda, como é o caso de Alejandro Fernández, que abriu PcGo Coruña, de informática, na rúa Barcelona.

P ¿Cando abriu?

R O pasado 9 de xaneiro. Xusto no medio da guerra.

P ¿Por que se decidiu a abrir nesta época complicada?

R Levaba uns meses parado porque a empresa onde estaba presentou un ERE; e antes marchara cos cartos e fómomos todos á rúa. E como son unha persoa que entende de informática e me gusta, decidín abrir unha tenda.

P ¿Por que se decidiu por unha tenda no centro e non nunha superficie comercial?

R Os centros comerciais van en declive, sobre todo as tendas do exterior. Esta rúa ten moita máis xente que un centro comercial por hora paseando. E o prezo. Nun centro comercial vaste a cinco ou seis mil euros de aluguer e aquí atopei un módico de 550.

P Si que son caros os dos centros comerciais...

R Si, porque pasa moita xente polo centro por hora e cóbrano así de caro.

P ¿E como lle vai?

R O tema está mal. O futuro está bastante negro. Pero teño que seguir porque investín todos os aforros aquí e a ver se saímos adiante.

>firmasLV



BIEITO IGLESIAS
www.l-v.es

ARREMEDO

Déuseme por ver un anaco do telexornal da Televisión de Galicia (TVG) e, contra prognóstico, logrou sorprendeme. Aínda que estou familiarizado cunha receita informativa consistente en mesturar a adulación aos conselleiros de quenda cos máis arrepiantes sucesos parroquiais (unha señora que fixo cen anos e segue fiel ao Real Madrid, cousas así), nunca puiden imaxinar que en Sarria celebrasen un arremedo da sevillana Feira de Abril. Polo visto o país progresa a grandes alancadas e, onde antes multiplicaba festas de pote (do marisco, do grelo, da charouvea...), agora organiza bailes de máscaras coa louvable intención de estender o Antroido a tódolos días do ano.

Os sarreaos seica pretenden atraer visitantes amigos da troula andaluzante; non se disfrazan con faralaes polo simple pracer de brincar, senón por crematísticos motivos relacionados co aguinaldo turístico. Supoño que en vindeiras edicións dese exótico festexo nos admirarán replicando un vilarelo *amish*, un rodeo do Oeste, un Carnaval veneciano ou unha danza zulú. Aos galegos ninguén nos pon o pé por diante postos a imitar; somos os seres antropomorfos mellor dotados para arremedar, salvante o caso do chimpancé.

O éxito destas antroidadas cántanos no papo.

Averiguamos cual es la causa de la humedad para aplicar el tratamiento específico

Pida su diagnóstico COMPLETO Y GRATUITO

900 809 939

www.acuasec.com

Garantía hasta 30 años